

## Tesouros

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A Cruz da Graña, cruceiro xiratorio que indica onde houbo un tesouro*

**Localización:** Zarro de Pedro, no Monte Chao de Fornos, a carón dunha encrucillada.

**Parroquia:** Logares (santo André)

**Concello:** A Fonsagrada (Lugo)

Este cruceiro xiratorio (conta cun mecanismo que o permite), atópase a carón dun cruce de vías como o chamado Camiño Grande que tiveron grande importancia en épocas pasadas.

Desde o punto de vista simbólico, algunha das imaxes representadas varía con respecto ao común pois, en vez da Virxe María, a imaxe que hai no anverso da cruz é a de santa Bárbara, avogosa contra o raio e as treboadas. Cren os expertos que este cruceiro, ademais de ser un elemento de protección do camiño e dos viaxeiros, cumpría funcións de comunicación ou de centro de referencia para practicar determinados ritos.


Tendo en conta que é xiratorio, interprétase que cando a figura de Xesús Cristo mira para o camiño indicaría seguraza no tempo e na viaxe; en cambio, se fose a de santa Bárbara a que mirase o camiño, era sinal que anunciaba mal tempo climatolóxico e outros perigos.

A orixe lendaria deste cruceiro conta como un home que viña desde Quiroga recibiu nunha pousada información exacta, con plano e todo, da localización dun tesouro.

Co tesouro que atopou construíu a Casa Grande da Graña, en Chao de Fornos, e en lembranza e agradecemento mandou facer e colocar o cruceiro da Cruz da Graña onde agora está.

**Foto:**

Escaneada do artigo que se cita na bibliografía



## **BIBLIOGRAFÍA**

BEIRÓ PIÑEIRO, Xosé Carlos. «Dous novos tipos de cruceiros na provincia de Lugo: o cruceiro xiratorio de «A Cruz da Graña» (A Fonsagrada) e o «cruceiro da deshonra de Bao (Alfoz)», en *Murguía*, Revista galega de Historia, nº 11, setembro-décembro, 2006.